

3ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (ACTUAL CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES), E O CONCELLO DE A ESTRADA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE EXECUCIÓN DE MÓDULO CUBERTO MULTIDEPORTE

En Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Don Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 44/2024 polo que se nomea aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Don Gonzalo Louzao Dono, alcalde do Concello de A Estrada, ao abeiro do disposto no artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

As partes recoñécense con capacidade para formalizar a presente addenda ao convenio asinado o 06.06.2023, así como para exercer as súas competencias en materia de deporte baixo os principios de colaboración, cooperación, coordinación e información multilateral establecidos na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

Actuando todos eles coas facultades que os seus respectivos cargos e habilitacións lles confiren,

EXPOÑEN

I.- Conscientes da importancia da colaboración económica entre as Administracións Públicas para a realización de obras que beneficien ao conxunto dos cidadáns para a realización da práctica deportiva, e nos obxectivos de potenciar o deporte base e de contribuír a unha mellor dotación das infraestruturas que permitirán satisfacer as crecentes demandas sociais no ámbito deportivo, asinouse con data 06 de xuño de 2023 un convenio de cooperación entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (actual Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e o Concello de A Estrada para a realización das obras de execución de módulo cuberto multideporte, segundo o proxecto presentado polo arquitecto José Luís Domínguez González.

O importe total das actuacións a realizar ao abeiro deste convenio ascende á cantidade de **dous millóns vinte e oito mil cincocentos oitenta e oito euros con setenta e dous céntimos (2.028.588,72 €)**, IVE incluído.

No convenio inicial estableceíase a seguinte distribución das partes asinantes:

- A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes financiará ditas actuacións coa cantidade de un millón vinte e oito mil cincocentos oitenta e oito euros con setenta e dous céntimos (1.028.588,72 €), IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 06.02.441A.760.0 (código de proxecto 2013 00039) dos seus orzamentos de gastos para os exercicios 2023 e 2024

Anualidade 2023 150.000,00 €



Anualidade 2024 878.588,72 €

- O Concello de A Estrada achegará con cargo aos seus créditos orzamentarios a cantidade de un millón de euros (1.000.000,00 €) que se imputarán con cargo á partida municipal 0.340.6272202 do seu orzamento de gastos do exercicio 2023 e o compromiso de incorporar os remanentes de crédito na anualidade do 2024

Anualidade 2023 868.825,39 €

Anualidade 2024 131.174,61 €

Con data 2 de outubro de 2023 o Concello solicita un reaxuste de anualidades, trasladando todo o gasto a realizar aos anos 2024 e 2025, atendendo ao atraso na tramitación do expediente e dos traballos previstos no programa de execución inicial, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de A Estrada, acordan subscribir unha addenda, asinada o 10 de novembro de 2023, de acordo cunha nova asignación de anualidades, o investimento previsto mantense en dous millóns vinte e oito mil cincocentos oitenta e oito euros con setenta e dous céntimos (2.028.588,72 €) (IVE incluído) e distribuirase entre as partes coas seguintes cantidades:

- A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes achegará a cantidade de un millón vinte e oito mil cincocentos oitenta e oito euros con setenta e dous céntimos (1.028.588,72 €) con cargo a aplicación orzamentaria 06.02.441A.760.0 código de proxecto 2013 00039 do orzamento de gastos da Secretaría Xeral para o Deporte para os exercicios 2024 e 2025.

Anualidade 2024 619.173,75 €

Anualidade 2025 409.414,97 €

- O Concello de A Estrada achegará a cantidade de un millón de euros (1.000.000,00 €), con cargo a aplicación orzamentaria 0.340.6272202 do seu orzamento de gastos do exercicio 2023 co compromiso de incorporar os remanentes de crédito na anualidade do 2024.

Anualidade 2024 1.000.000,00 €

Con data 25.10.2024 o Concello de A Estrada solicita un reaxuste da súa anualidade, trasladando todo o gasto a realizar ao ano 2025, atendendo ao atraso na execución da obra motivado na obriga de realizar pequenos reaxustes na posición do edificio e a realizar un novo plan de obra. A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de A Estrada, acordan subscribir unha nova addenda, asinada o 03 de decembro de 2024, de acordo cunha nova asignación de anualidades, o investimento previsto mantense en dous millóns vinte e oito mil cincocentos oitenta e oito euros con setenta e dous céntimos (2.028.588,72 €) (IVE incluído) e distribuirase entre as partes coas seguintes cantidades:

- A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes achegará a cantidade de un millón vinte e oito mil cincocentos oitenta e oito euros con setenta e dous céntimos (1.028.588,72 €) con cargo a aplicación orzamentaria 06.02.441A.760.0 código de proxecto 2013 00039 do orzamento de gastos da Secretaría Xeral para o Deporte para os exercicios 2024 e 2025.



Anualidade 2024 619.173,75 €
 Anualidade 2025 409.414,97 €

Con data do 19.12.2024 fíxose o pagamento do importe de 619.173,75 € correspondente á anualidade 2024.

- O Concello de A Estrada achegará a cantidade de un millón de euros (1.000.000,00 €), con cargo a aplicación orzamentaria 0.340.6272202 do seu orzamento de gastos do exercicio 2025.

Anualidade 2025 1.000.000,00 €

II.-Con data 20.08.2025 o Concello de A Estrada solicita a ampliación do prazo para presentar a xustificación do convenio que está fixado antes do 1 de novembro de 2025 e o reaxuste da súa anualidade, trasladando todo o gasto a realizar ao ano 2026, alegando que durante a execución dos traballos e escavación para a execución dos muros de soto, a unha profundidade de 7,50 metros, foi preciso empregar o sistema de bataches co obxecto de evitar correntamentos de terras que poderían deteriorar a pista de atletismo situada a un plano superior. Este sistema de execución provocou atrasos na execución das obras. Realizando unha nova planificación das obras.

III.-Co fin de estudar a proposta anterior, con data do 28 de agosto de 2025 reuniuse a Comisión de Seguimento e Interpretación integrada por dous representantes da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e dous representantes do Concello de A Estrada e propúxose a formalización dunha addenda.

IV.- Atendendo a estes atrasos, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de A Estrada, acordan subscribir esta addenda consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA- Modifícase a cláusula PRIMEIRA da addenda asinada o 03 de decembro de 2024 que queda redactada do seguinte xeito

PRIMEIRA: INVESTIMENTO PROGRAMADO E COFINANCIAMENTO DAS ACTUACIÓNS

O importe total das actuacións a realizar ao abeiro deste convenio ascende á cantidade de dous millóns vinte e oito mil cincocentos oitenta e oito euros con setenta e dous céntimos (2.028.588,72 €) IVE incluído.

- A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, achegará a cantidade de un millón vinte e oito mil cincocentos oitenta e oito euros con setenta e dous céntimos (1.028.588,72 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.02.441A.760.0 código de proxecto 2013 00039 do orzamento de gastos da Secretaría Xeral para o Deporte para os exercicios 2024 e 2025.

Anualidade 2024.....	619.173,75 €
Anualidade 2025.....	409.414,97 €

- O Concello de A Estrada achegará a cantidade de un millón de euros (1.000.000,00 €), con cargo a aplicación orzamentaria 0.340.6272202 do seu orzamento de gastos do exercicio 2026.



Anualidade 2026.....1.000.000,00 €

SEGUNDA- Modifícanse as cláusulas SEGUNDA e CUARTA da addenda asinada o 10 de novembro de 2023 que quedan redactadas do seguinte xeito

SEGUNDA:XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DAS AXUDAS

De acordo co artigo 8 do Decreto 193/2011 polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, o Concello de A Estrada estará obrigado a xustificar o cumprimento da finalidade da subvención á realización da actividade e o seu custo real mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada con carácter xeral pola documentación que se relaciona no artigo 10 do Decreto 193/2011, e que incorporará en todo caso a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

En todo caso, na xustificación deberá acreditarse o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios, así como doutras subvencións ou recursos á actuación subvencionada.

O prazo para presentar a xustificación do convenio será **antes do 1 de novembro de 2025 no caso da anualidade 2025 e antes do 1 de maio de 2026 no caso da anualidade 2026.**

O concello de A Estrada deberá achegar a documentación xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio ao finalizar a obra, e da consecución dos obxectivos previstos, documentados da maneira establecida nas cláusulas terceira, quinta e novena do mesmo. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro nos termos establecidos ao efecto no artigo 37 da Lei 38/2007, do 7 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CUARTA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O período de vixencia do convenio comezará ao día seguinte da súa sinatura e estenderase ata o 31 de decembro do ano 2026, sen prexuízo da posibilidade de prorrogar dito período en virtude de causa debidamente xustificada sempre e cando se solicite cunha antelación mínima dun mes á data de finalización do prazo de xustificación.

As restantes obrigas manterán a súa vixencia ata o total cumprimento das previsións establecidas, de modo que se acaden os fins perseguidos por este convenio.

TERCEIRA- REXISTROS PÚBLICOS DE AXUDAS

As partes asinantes da addenda manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste addenda, así como o resto das especificacións contidas na mesma, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas da Xunta de Galicia, o concello consinte expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos á subvención obxecto deste



convenio nos rexistros públicos citados, creados polos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Así mesmo consinte na publicación da addenda que esixe a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno no artigo 15 referido ás obrigas específicas de información sobre convenios.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan a presente addenda na data e hora sinaladas na sinatura electrónica

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e
Deportes
Diego Calvo Pouso

O alcalde do Concello de A Estrada
Gonzalo Louzao Dono

